



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Didáctica da expresión musical | Código | 652G01023 | |
| Titulación | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Chao Fernández, Aurelio | Correo electrónico | aurelio.chao@udc.es | |
| Profesorado | Chao Fernández, Aurelio | Correo electrónico | aurelio.chao@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta asignatura está encamiñada a proporcionar aos graduados en Educación Infantil os coñecementos básicos da formación musical, os fundamentos psicopedagóxicos, as estratexias didácticas e os procedementos necesarios para programar os contidos Musicais do currículo de Educación Infantil. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A53 | Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes. |
| A54 | Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal. |
| A55 | Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos. |
| A56 | Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade. |
| A57 | Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B22 | Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas. |
| B25 | Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----|-------------------------------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal. | A54 | | |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |
| Aprender a aprender. | | B1 | |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | C3 |
| Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional. | | B25 | |
| Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas. | | B22 | |
| Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas. | A57 | | |
| Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos. | A55 | | |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | C8 |



| | | | |
|---|-----|--|--|
| Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes. | A53 | | |
| Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade. | A56 | | |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| MÓDULO I. Audición: Coñecemento dos elementos que constitúen a manifestación musical a través da práctica auditiva. | <ul style="list-style-type: none">1.1. Calidades do son1.2. Elementos constitutivos da música tonal occidental.<ul style="list-style-type: none">1.2.1. Ritmo.1.2.2. Melodía.1.2.3. Harmonía.1.2.4. Forma.1.3. Análise auditivo da sonoridade.<ul style="list-style-type: none">1.3.1. Timbre.1.3.2. Dinámica.1.3.3. Textura.1.4. Realización de dictados.<ul style="list-style-type: none">1.4.1. Melódicos.1.4.2. Rítmicos.1.4.3. Mixtos. |
| MÓDULO II: Práctica vogal-instrumental. | <ul style="list-style-type: none">2. 1. Individual.<ul style="list-style-type: none">2.1.1. Interpretación de cancións.2.1.2. Realización de ritmos con percusión corporal.2.1.3. Interpretación de melodías na frauta doce.2.1.4. Realización de acompañamentos harmónicos básicos en instrumentos polifónicos.2.2. Colectiva.<ul style="list-style-type: none">2.2.1. Fundamentos do canto coral.2.2.2. Grupo instrumental mixto.2.2.3. Improvisación. |
| MÓDULO III. Música, movemento e xogo. Integración de diferentes recursos na expresión musical. | <ul style="list-style-type: none">4.1. Representación espacial do son.4.2. Creación e aprendizaxe de coreografías.4.3. O conto musicalizado.4.4. O xogo musical4.5. O teatro musical. |
| MÓDULO IV: Bases teóricas. Estudio das mais importantes liñas da pedagogía musical xurdidas no século XX | <ul style="list-style-type: none">5.1. Métodos relevantes del século XX, entre outros:<ul style="list-style-type: none">5.1.1. Emile Jaques-Dalcroze.5.1.2. Zoltán Kodály.5.1.3. Carl Orff.5.1.4. Edgar Willems.5.1.5. Justine B. Ward.5.1.6. Shinichi Suzuki.5.2. Novos enfoques do ensino musical, entre outros:<ul style="list-style-type: none">5.2.1. David J.Hargreaves.5.2.2. Keith Swanwick.5.2.3. Elliot David J.5.2.4. Lucy Green5.2.5. David K. Lines |



| | |
|---|--|
| MODULO V: Introducción ás TIC e ás novas tecnoloxías aplicadas ao ensino musical. | 6.1. Secuenciación MIDI. 6.2. Edición de partituras. 6.3. Edición de audio. 6.4. Transferencia de arquivos. 6.5. Emprego de Software libre |
|---|--|

| Planificación | | | | |
|---------------------------|----------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A53 A54 A55 A56 A57 B22 C3 C8 | 7 | 35 | 42 |
| Proba mixta | A53 A54 A55 A57 | 1 | 11 | 12 |
| Obradoiro | A53 A54 | 15 | 21 | 36 |
| Actividades iniciais | A53 A54 B1 C7 | 3 | 0 | 3 |
| Prácticas a través de TIC | B1 B25 | 1 | 5 | 6 |
| Sesión maxistral | A53 A54 A55 A56 A57 | 15 | 30 | 45 |
| Atención personalizada | | 6 | 0 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | <p>Realización colectiva dun traballo tutelado que constará de dúas partes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Elaboración dun portafolio que conterá o deseño de tres actividades didácticas baseadas nos obxetivos e no contido propio da materia, sendo a terceira destas unha proposta didáctica consistente na realización dunha coreografía que, como as outras actividades, deberá contar cunha xustificación, así como coa formulación dos obxetivos e a especificación dos contidos que a sustentan. 2. Unha vez creada a coreografía, será escenificada e gravada en vídeo polos membros de cada grupo, podendo contar, entre outros, cos seguintes recursos complementarios. <ul style="list-style-type: none"> - Percusión corporal. - Dramatización musical. - Creación de xogos musicais. - Uso de reprodución, medios audiovisuais, musicogramas dinámicos, etc. - Empleo de escenografía e traxes. |
| Proba mixta | Esta proba realizarase en dúas fases: a primeira (escrita) consistirá na formulación de preguntas e exercicios prácticos relacionados co temario oficial. A segunda (oral) consistirá na execución dunha ou varias cancións (a elección do profesor), dentre as obrigatorias do curso. As cancións leeránse e mediranse (solfeo), cantaranse a capella e interpretaranse coa fruta doce. |
| Obradoiro | <p>Actividades individuais e colectivas que abarcarán os seguintes aspectos na súa dimensión práctica e didáctica:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Interpretación vocal. 2. Interpretación instrumental mediante fruta doce e/ou melódica. 3. Práctica auditiva. 4. Aplicación das novas tecnoloxías á práctica e á educación musical. |
| Actividades iniciais | Valoración dos coñecementos previos do alumnado. |
| Prácticas a través de TIC | Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado. |



| | |
|------------------|---|
| Sesión maxistral | <p>Presentación e desenvolvemento na aula dos conceptos fundamentais dos contidos propostos.</p> <p>Explicación do contido temático por parte do profesorado ou de profesionais especialistas convidados/ás.</p> <p>Cando o profesorado responsable da materia organice concertos, conferencias, seminarios, congresos ou charlas sobre temáticas relacionadas coa materia, serán consideradas tamén dentro deste apartado, e por tanto de obrigada asistencia.</p> |
|------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| <p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Actividades iniciais</p> <p>Obradoiro</p> <p>Proba mixta</p> | <p>Os traballos tutelados e a proba mixta requiren atención personalizada, por iso as titorías terán unha importancia relevante para resolver as dúbidas que o alumnado poida presentar.</p> <p>Estas medidas serán aplicábeis tanto ao alumnado que asiste regularmente ás aulas como a aquel con dispensa académica.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|----------------------------------|--|---------------|
| Sesión maxistral | A53 A54 A55 A56 A57 | <p>Realizarase unha ou varias probas escritas a través de Moodle, que integrarán diferentes xeitos de comprobar se a aprendizaxe foi significativa. Para elo empregaranse diferentes tipos de probas:</p> <ul style="list-style-type: none"> 1.1. Probas de resposta breve. 1.2. Preguntas tipo test. 1.3. Preguntas abertas. 1.4. Exercicios prácticos. | 30 |
| Traballos tutelados | A53 A54 A55 A56 A57 B22 C3 C8 | <p>Realización de 3 traballos grupais con un mínimo de 3 integrantes e un máximo de 6.</p> <p>No proceso de avaliación observaranse as seguintes normas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Cada traballo escrito terá unha extensión entre 3 e 4 páxinas word sin contar portada, índice e bibliografía. ? Cada presentación escénica terá unha duración entre 2 e 3 minutos. ? Os traballos serán entregados a través da plataforma informática que se indique. <p>Os criterios de avaliación contemplarán os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Orixinalidade. ? Creatividade. ? Utilidade práctica e viabilidade. ? Adecuación ao currículo de Educación Infantil. ? Coherencia cos obxectivos e os contidos expostos. | 30 |
| Obradoiro | A53 A54 | <p>Ao tratarse dunha práctica en grupo, na súa avaliación terase en consideración a capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como a disposición de integrarse nun proxecto destinado á obtención de resultados.</p> <p>É imprescindible asistir a un mínimo de 10 prácticas correctamente realizadas para obter a cualificación de aprobado (5 puntos).</p> <p>A partir das 10 prácticas obrigatorias sumaranse puntos por cada asistencia tendo en conta o calendario académico, adaptándose ó número de clases de cada grupo</p> <p>En casos excepcionais, poderá recuperarse algunha clase tras un previo consenso co profesorado.</p> | 20 |



| | | | |
|---------------------------|-----------------|--|----|
| Proba mixta | A53 A54 A55 A57 | Realizaranse as seguintes probas prácticas: 1. Ditado musical (15%) 2. Lectura e medida (15%) 3. Expresión vocal (35%) 4. Interpretación con frauta doce e/ou melódica (35%) | 10 |
| Prácticas a través de TIC | B1 B25 | Os exercicios prácticos e de creación musical entregaranse nos formatos dixitais correspondentes a cada caso. Valorarase o emprego correcto das ferramentas básicas de cada aplicación, o que se verificará a partir do acabado final dos traballos. Os traballos poderían abarcar, entre outras, as seguintes modalidades: 1. Manexo de editores de partituras. 2. Manexo de editores de audio. 3. Deseño de exercicios de percusión corporal. 4. Realización de exercicios teórico-prácticos de linguaxe musical 5. Exercicios auditivos a partir de aplicacións pechadas ou titoriais. | 10 |

Observacións avaliación



Para aprobar a asignatura é necesario obter un 5 en cada un dos apartados anteriores. No caso contrario non se fai media.

Na parte de Obradoiro, como se trata dunha interpretación instrumental grupal, o estudante que non poida realizar as 10 prácticas mínimas obrigatorias (por ser alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa académica) deberá vir á proba acompañado como mínimo de catro persoas. No caso de non ser posible isto, o discente examinaráse cun acompañamento instrumental das pezas en formato dixital realizado por él. En todos os epígrafes a porcentaxe da avaliación será a mesma que a do alumnado asistente, que é a que figura en cada un dos apartados das probas, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exámes como nos traballos, as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de tachaduras, etc. Todo elo suporá redución de puntos sobre a nota obtida.

Para non interferir no desenvolvemento do resto das materias, evitarase tocar instrumentos musicais nos pasillos e noutras áreas comúns da Facultade, polo que o alumnado deberá solicitar ao profesorado a reserva da aula de usos múltiples (cando sexa posible e esté libre) cón fin de realizar os ensaios de frauta e da coreografía nese espazo.

En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. En caso de reiteración, daráse traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas.

Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregárase material de reciclaxe e evitarase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se empregarán plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña" (Art. 6.b) e as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 7º.3), o profesorado recollerá nas guías docentes de maneira específica as medidas de dedicación para o "Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia".

Describir as implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación, indicando, por exemplo: "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".

Fontes de información



| | |
|---|---|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Alsina, P. (1999). El área de educación musical. Barcelona:Graó - Alsina, P., Díaz, M., Giráldez, A. e Ibarreche, G. (2010). 10 ideas clave: El aprendizaje creativo.. Barcelona:Graó - Chao Fernández, A., Chao-Fernández, R. y Castro Alonso, V. (2022). Didáctica de la Expresión Musical. Grado de Educación Infantil. Servicio de publicaciones UDC - Chao Fernández, R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad.. Vilalba: Conservatorio Municipal. - Cremades Andreu, R. et al (2017). Desarrollo de la Expresión Musical en Educación Infantil. Paraninfo - Díaz, M. y Riaño, M. (Coords.) (2007). Creatividad en educación musical. . Santander: Servicio de Publicaciones Universidad de Cantabria. . - Domeque, M., Lagarriga, E. y Segalés, E (1988). Audición musical. Barcelona: Teide. - Elliot, D. (Ed.). (2005). Praxial Music Education: reflections and dialogues. . Oxford: University Press. - Felpeto-Guerrero, A. y Chao-Fernández, R. (2019). Audacity: una herramienta de edición de audio multiplataforma. Material de consulta y ampliación del curso MOOC «Música para el siglo XXI. Aportaciones del software libre a la educación musical. Servicio de publicaciones UDC - Forrai K., et al (1981). Educación musical en Hungría. (Revisión española de M. Angulo). . Madrid: Real Musical - García, P. y Estebanz, A. (2005). Innovación y creatividad en la enseñanza musical. . Barcelona: Octaedro - Gillanders, C. (2001). Educar en la música. Música y Educación, 4(48), 33-48 - Gillanders, C., Tojeiro, L. y Casal, L. (2018). Sonorizando contos infantís. Elos 5, 119-136 - Giráldez, A. (Coord). (2011). Didáctica de la música. . Barcelona:Graó - Green, L (2001). Música, género y educación. Madrid: Morata. - Hargreaves, D. (1991). Infancia y educación artística. Madrid: Morata. - Hargreaves, D. (1998). Música y desarrollo psicológico. Barcelona:Graó - Hemsí de Gaínza, V. (2002). Música: amor y conflicto. Diez estudios de psicopedagogía musical. Lumen - Hemsí de Gaínza, V. (2002). Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa. Lumen - Levitin, J. (2011). Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana. . Buenos Aires. Lumen - Lines, D. (comp.) (2009). La educación musical para el nuevo milenio. . Madrid: Morata. - Malagarriga, T. y A. Valls. (2003). La audición musical en la Educación Infantil. Barcelona: Ceac. - Martenot, M (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación. Rialp - Pascual, P. (2006). Didáctica de la música. . Madrid: Pearson Prentice Hall - Román-García, S. (2016). LenMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80 - Román-García, S. (2017). JalMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78 - Román-García, S. (2016). MuseScore. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76 - Sanjosé Huguet, V. (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia:Piles - Vázquez-Sánchez, R. y Chao-Fernández, R. (2019). MuseScore: crea y edita tus propias partituras. Material de consulta y ampliación del curso MOOC «Música para el siglo XXI. Aportaciones del software libre a la educación musical. Servicio de publicaciones UDC - Willems, E. (1979). Las bases psicológicas de la educación musical. Eudeba - Willems, E. (1981). El valor humano de la educación musical. . Paidós <p>[1] S. Román-García, ?LenMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80, 2016.[2] S. Román-García, ?JalMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78, 2017.[3] S. Román-García, ?MuseScore?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76, 2016.</p> |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | |

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

